



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Persoal

Anuncio publicación lista provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo dunha praza de técnico/a de medio/a de comunicación, (subgrupo A2), dentro do proceso de estabilización do emprego público, C.E. 32/18.

ANUNCIO

O concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana, por delegación da Xunta de Goberno Local, con data do 11 de decembro do 2023, adoptou a seguinte resolución:

Primeiro.- Aprobar a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas ao proceso selectivo convocado para a cobertura das seguintes prazas:

Unha praza de técnico/a de medio/a de comunicación, pola quenda libre, da escala de administración especial (subgrupo A2), dentro do proceso de estabilización do emprego público (C.E. 32/18)

Admitidas:

APELIDOS E NOME	DNI
ENRIQUEZ CAMPESINO , ANA MARIA	***3639**
HERRERO LOPEZ , ANGEL	***5621**
LOSADA BALLESTERO , ARTURO	***0249**
LOSADA GOMEZ , LAURA	***4161**
PRADO ALVAREZ , MARIO	***6197**
QUINTEIRO VAAMONDE , PEDRO PABLO	***1695**
SUAREZ VARELA, SANDRA CONSUELO	***0733**

A inclusión das persoas aspirantes nas listaxes de admitidas ás probas selectivas non supón en ningún caso o recoñecemento por parte da Administración de que reúnen os requisitos esixidos nas bases da convocatoria. A acreditación e verificación destes requisitos terá lugar para as persoas aspirantes que superen o proceso selectivo, antes do seu nomeamento como persoal funcionario.

Segundo.- A listaxe de persoas admitidas e excluídas poderá consultarse a través do teléfono 010 de información municipal (981.920.010 se se chama desde fóra da cidade), no BOP e na páxina web www.coruna.gal

Terceiro.- As persoas aspirantes excluídas que, no seu caso, non figuren nas listaxes, disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución, para reclamar ou emendar o defecto que motivou a omisión.

Esta emenda poderase realizar a través do procedemento “Acheга de documentación e/ou alegacións a un expediente”, preferiblemente de forma electrónica, a través da sede electrónica do Concello da Coruña (<https://sede.coruna.gal>), indicando no campo de descrición o número de asento do rexistro da solicitude de participación neste proceso selectivo.

Aquelas persoas que, dentro do prazo sinalado, non emenden ou non aleguen a omisión xustificando o seu dereito a ser incluídas na relación de admitidas serán definitivamente excluídas do proceso selectivo.

A Coruña, 22 de decembro do 2023

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, PD.

O concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana

José Manuel Lage Tuñas